

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013314	IES Santiago Basanta Silva	Vilalba	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	2º Bac.	4	116

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A materia de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio ten como finalidade que o alumnado comprenda e analice como responden as empresas aos desafíos que se lles presentan, empregando un enfoque actualizado e, sobre todo, adaptado á realidade, onde o factor clave da súa actividade reside na innovación, ao ser esta en moitos casos o elemento determinante da súa supervivencia.

O coñecemento sobre a empresa constitúe un paso esencial para comprender o funcionamento global da economía, pola interrelación que existe entre a empresa e o contexto no que leva a cabo a súa actividade.

Esta materia de modalidade, integrada no segundo curso do bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, persegue dous obxectivos: por unha banda, aproximar o alumnado ao coñecemento da empresa como catalizador do desenvolvemento económico, salientando a innovación como aspecto fundamental da actividade empresarial, e aos valores propios da responsabilidade social corporativa; e pola outra, fomentar unha cultura emprendedora que potencie a creatividade, o espírito de innovación, a reflexión crítica e a toma de decisións fundamentais que permitan deseñar unha proposta de modelo de negocio e analizar a súa viabilidade.

A consecución dos fins propostos desenvólvese a través de aprendizaxes significativas, funcionais e de interese para o alumnado, e organízase arredor da adquisición duns obxectivos que tratan, en primeiro lugar, sobre a importancia que a actividade empresarial e o emprendemento teñen na transformación social. En segundo lugar, sobre o coñecemento do contexto para determinar as interrelacións entre este e as empresas. En terceiro lugar, sobre o funcionamento e estrutura interna das empresas e a proposta de novos modelos de negocio. En cuarto lugar, sobre a utilización de ferramentas innovadoras e a valoración do uso de estratexias comunicativas por parte das empresas. En quinto e último lugar, sobre a avaliación do modelo de negocio proposto, utilizando ferramentas de análise empresarial que permitan determinar a súa viabilidade. O aprendido ao longo de todo este proceso deberá capacitar o alumnado para redactar e presentar un plan básico de empresa.

Os criterios de avaliación e os contidos que contribúen á consecución dos obxectivos estrutúranse en catro bloques:

O primeiro bloque céntrase en coñecer a orixe dun proxecto empresarial: a persoa que arrisca e leva a cabo a actividade, nun contexto de responsabilidade social, igualdade e inclusión, sendo consciente das tendencias cambiantes do mercado e da importancia da innovación como factor clave de supervivencia.

O segundo bloque orientase cara á análise das diferentes áreas funcionais da empresa, que constitúen os eixes fundamentais de calquera modelo de negocio, desde os máis tradicionais ata os máis innovadores.

O terceiro bloque inclúe, por unha banda, o estudo de padróns de modelos de negocio e diríxese a ofrecerlle ao alumnado exemplos vixentes que poden servir como fonte inspiradora para outras propostas que xeren valor e se adapten a novos contextos; e pola outra, presenta aqueles recursos e ferramentas que ofrecen maiores posibilidades creativas e de innovación, e que poden ser aplicados nas diferentes fases do proceso.

O cuarto bloque vincúlase cos contidos que permiten aplicar ferramentas de análise empresarial para determinar a viabilidade do proxecto. Este bloque incorpora a análise das contas anuais coa finalidade de redactar un plan básico de empresa adaptado a un contexto determinado.

Finalmente, propónse un enfoque teórico-práctico da materia a través da simulación dun modelo de negocio que permita abordar os diferentes bloques de contido, poñelos en práctica e avaliar a viabilidade do modelo presentado. Desta forma, tras unha investigación sobre os eixes que sustentan un modelo de negocio e o debate de cuestións relativas á responsabilidade social corporativa, a inclusión e o papel da muller emprendedora, poderase deseñar unha proposta adaptada a unha situación concreta, empregando as diferentes ferramentas recollidas nos contidos anteriores e propoñendo solucións aos desequilibrios encontrados.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 2º de Bacharelato do IES Santiago Basanta Silva de Vilalba (Lugo) que cursa a

materia de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio. En total son 27 alumnos e alumnas correspondentes aos grupos B e C.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar a actividade empresarial e emprendedora, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización neste proceso, para comprender o papel que desempeñan dentro do funcionamento global da economía actual.	2			2-5	12-40	1	1-2	
OBX2 - Investigar o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial, analizando as interrelacións empresas-contexto e identificando estratexias viables que partan dos criterios de responsabilidade social corporativa, da igualdade e a inclusión, para valorar a capacidade de adaptación das empresas.	2-3		4	1	20-50	4	1	
OBX3 - Recoñecer e comprender modelos de negocio actuais comparándoos con outros tradicionais, aplicando estratexias e ferramentas que faciliten o deseño creativo e propoñendo modelos de negocio que, achegando valor, permitan satisfacer necesidades e contribuír ao benestar económico e social.	2-3		2-4		40	3	1	
OBX4 - Valorar e seleccionar estratexias comunicativas de aplicación ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas e obtendo a información que se xera tanto no ámbito interno como externo da empresa, para xestionar eficazmente a información necesaria no proceso de toma de decisións e a súa correcta transmisión.	1-3	1-2		3	40		2	
OBX5 - Realizar a análise previsional do modelo de negocio deseñado, aplicando as ferramentas de análise empresarial necesarias para comprender o proceso levado a cabo e validar a proposta presentada.				2-3	11-50		1-2-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Economía e a Empresa.	Actividade económica e axentes económicos. A empresa: elementos, funcións e obxectivos. Localización e dimensión empresarial. Forma xurídica das	8	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Economía e a Empresa.	empresas.	8	10	X		
2	Emprendemento.	A persoa emprendedora. Muller emprendedora e inclusión. Empresario/empresaria. Contorno empresarial.	8	10	X		
3	A organización na empresa.	Funcionamento interno da empresa. A función directiva.	8	10	X		
4	Marketing.	Clientela potencial. Poder decisor do cliente. Estratexias de marketing.	8	10	X		
5	A función de produción.	Procesos produtivos. Custos de produción. Limiar de rendibilidade. Alianzas para producir.	9	11		X	
6	As Relacións Laborais na Empresa.	O departamento de recursos humanos. O regulamento xurídico laboral. A relación individual de traballo. Representación sindical dos/as traballadores/as. Convenios colectivos. Conflitos laborais. Seguridade e hixiene no traballo. Equipas de traballo. Igualdade e inclusión.	8	10		X	
7	A Función financeira.	Selección de investimentos. Fontes de financiamento. Ciclos empresariais (PMM).	9	10		X	
8	Contas anuais da empresa.	Patrimonio empresarial. Masas patrimoniais. Os tributos.	9	10		X	
9	Análise económico-financeira da empresa.	O estudo dos estados contables.	8	9			X
10	Dixitalización e novas tecnoloxías.	A industria 4.0. Modelos de negocio.	8	9			X
11	A Innovación na empresa.	Estratexias para innovar nos modelos de negocio.	8	8			X
12	O Plano de negocio	Creación, estrutura e presentación do plano de negocio. Plano de marketing, de financiamento, de investimento, de produción. Escolla da forma xurídica	9	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Economía e a Empresa.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Coñecer os distintos tipos de empresa, os seus elementos e funcións, así como as formas xurídicas que adoptan relacionando cada unha delas coa responsabilidade legal dos seus propietarios e xestores e coas exigencias de capital.	Coñecer os distintos tipos de empresa, os seus elementos e funcións, así como as formas xurídicas que adoptan.	PE	90
CA1.1 - Comprender a importancia da actividade empresarial e o emprendemento na economía actual, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización.	Comprender a importancia da actividade empresarial e o emprendemento na economía actual.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O empresario ou a empresa. Perfís. - A empresa. Clasificación. Localización e dimensión da empresa. Marco xurídico que regula a actividade empresarial.

UD	Título da UD	Duración
2	Emprendemento.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar e analizar as características do contexto no que a empresa desenvolve a súa actividade, explicando, a partir destas, as distintas estratexias e decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e medioambientais da súa actividade.	A contorna empresarial. Estratexias de decisións.	PE	90
CA1.3 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sustentable das empresas aos cambios do contexto e ás exigencias do mercado, investigando o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial.	O contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial.	TI	10
CA4.1 - Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de	A persoa emprendedora. A muller emprendedora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O empresario ou a empresa. Perfís. - O contexto empresarial. Responsabilidade social corporativa. Muller e emprendemento. Inclusión e emprendemento.

Contidos

- O contexto do modelo de negocio. Previsión: tendencias clave. Macroeconomía: variables macroeconómicas. Competencia: forzas competitivas.

UD	Título da UD	Duración
3	A organización na empresa.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as distintas políticas empresariais de xestión, contratación e formación de recursos humanos, valorando e recoñecendo as actuacións das empresas en materia de igualdade e inclusión.	Identificar o papel das distintas áreas ou departamentos da empresa	PE	90
CA2.3 - Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, xestión e optimización de actividades, recursos e asociacións clave dun modelo de negocio innovador.	Comprender o funcionamento interno da empresa. A función directiva.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Empresa e modelo de negocio.

UD	Título da UD	Duración
4	Marketing.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Analizar as características do mercado, explicando, de acordo con elas, a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.	Segmentación do mercado. Clientela potencial. A proposta de valor.	PE	90
CA3.1 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sustentable das empresas ás exigencias do mercado, explorando ideas, escenarios futuros e novos padróns e modelos de negocio.	Estratexias de marketing. Poder decisor do cliente.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A función comercial. Segmento de clientes. A proposta de valor. Canles. Relacións con clientes. Fontes de ingresos. Estratexias de márketing.

Contidos

- O punto de vista dos clientes: mapa de empatía.

UD	Título da UD	Duración
5	A función de produción.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.	Procesos produtivos. Eficiencia e produtividade.	PE	100
CA4.2 - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	Custos de produción. Limiar de rendibilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A función produtiva. Proceso produtivo. Eficiencia e produtividade. Actividades clave. Recursos clave. Asociacións clave. Estrutura de custos: clasificación e cálculo de custos.
- A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade.

UD	Título da UD	Duración
6	As Relacións Laborais na Empresa.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as distintas políticas empresariais de xestión, contratación e formación de recursos humanos, valorando e recoñecendo as actuacións das empresas en materia de igualdade e inclusión.	Funcións do departamento de recursos humanos. Contratos de traballo. Convenios colectivos. Conflitos laborais. Igualdade e inclusión.	PE	90
CA2.3 - Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, xestión e optimización de actividades, recursos e asociacións clave dun modelo de negocio innovador.	Analizar a importancia da aplicación de políticas de igualdade dentro da empresa	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- A xestión dos recursos humanos. Formación e funcionamento de equipos áxiles. Habilidades que demanda o mercado de traballo. A contratación e as relacións laborais da empresa. As políticas de igualdade e de inclusión nas empresas.

UD	Título da UD	Duración
7	A Función financeira.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Analizar e tomar decisións sobre investimento e financiamento, aplicando métodos de selección de investimentos e recoñecendo as vantaxes e inconvenientes das distintas fontes de financiamento empresarial.	Selección de investimentos. Fontes de financiamento.	PE	90
CA2.6 - Analizar as características do mercado, explicando, de acordo con elas, a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.	Poñer en valor as distintas fontes de financiamento da empresa	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A función financeira. Estrutura económica e financeira. Investimento. Valoración e selección de investimentos. Recursos financeiros. Análise de fontes alternativas de financiamento interno e externo.

UD	Título da UD	Duración
8	Contas anuais da empresa.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Valorar a situación económico-financeira da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	Elaborar supostos prácticos do balance de situación e conta de resultados	PE	90
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financeira da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Patrimonio empresarial. Masas patrimoniais. Os tributos.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A información na empresa: obrigas contables. Composición e valoración do patrimonio. Contas anuais e imaxe fiel. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.
- Fiscalidade empresarial: principais tributos que gravan a actividade empresarial.
- A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.

UD	Título da UD	Duración
9	Análise económico-financeira da empresa.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financeira da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Análise dos estados contables. Ratios. Rendibilidades.	PE	100
CA4.4 - Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa, establecendo as liñas de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.	Propiedade industrial. A marca.		
CA4.5 - Valorar a situación económico-financeira da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	Análise dos estados financeiros. Rendibilidade económica e financeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A información na empresa: obrigas contables. Composición e valoración do patrimonio. Contas anuais e imaxe fiel. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.
- A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.

UD	Título da UD	Duración
10	Dixitalización e novas tecnoloxías.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial, identificando novas tendencias e tecnoloxías que teñen un alto impacto na economía.	Investimento en I+D+i	PE	90
CA3.2 - Coñecer as distintas estratexias e ferramentas de deseño creativo, aplicando estas á xeración dun modelo de negocio transformador que permita dar resposta ás necesidades actuais.	Modelos de negocio creativos.		
CA3.4 - Seleccionar estratexias de comunicación aplicadas ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas comunicativas que faciliten a xestión eficaz da información e a súa transmisión.	A comunicación dixital.		
CA4.4 - Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa, establecendo as liñas de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.	Protección da creación e da innovación.		
CA3.1 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sustentable das empresas ás exixencias do mercado, explorando ideas, escenarios futuros e novos padróns e modelos de negocio.	Adaptación ás novas tecnoloxías.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación. - A creatividade aplicada ao deseño do modelo de negocio e de xestión. O proceso de creatividade: diverxencia e converxencia. Dinámicas de xeración de novas ideas de modelos de negocio. - As ferramentas de organización de ideas: Pensamento visual ou Visual Thinking. Capacidade de síntese. Ideación. Comunicación. - O prototipado: concepto e utilidade. Posibilidades de prototipado: bens, servizos e aplicacións. - Outras ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión. - A protección da idea, do produto e da marca.

UD	Título da UD	Duración
11	A Innovación na empresa.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial, identificando novas tendencias e tecnoloxías que teñen un alto impacto na economía.	Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial.	PE	90
CA2.2 - Comprender o concepto de modelo de negocio como unha forma de lles dar resposta ás necesidades actuais, comparando distintos modelos, desde os máis tradicionais aos máis innovadores.	Comprender o concepto de modelo de negocio		
CA2.3 - Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, xestión e optimización de actividades, recursos e asociacións clave dun modelo de negocio innovador.	Analizar as características organizativas e funcionais da empresa.		
CA2.4 - Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.	Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade		
CA2.6 - Analizar as características do mercado, explicando, de acordo con elas, a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.	Relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.		
CA3.2 - Coñecer as distintas estratexias e ferramentas de deseño creativo, aplicando estas á xeración dun modelo de negocio transformador que permita dar resposta ás necesidades actuais.	Coñecer as distintas estratexias e ferramentas de deseño creativo.		
CA4.1 - Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de	Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado.		
CA4.4 - Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa, establecendo as liñas de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.	Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa.	TI	10
CA3.1 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sustentable das empresas ás exigencias do mercado, explorando ideas, escenarios futuros e novos padróns e modelos de negocio.	Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas ás exigencias do mercado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación. - Empresa e modelo de negocio. - A creatividade aplicada ao deseño do modelo de negocio e de xestión. O proceso de creatividade: diverxencia e converxencia. Dinámicas de xeración de novas ideas de modelos de negocio. - A competencia e os nichos de mercado. - As ferramentas de organización de ideas: Pensamento visual ou Visual Thinking. Capacidade de síntese. Ideación. Comunicación.

Contidos

- Os escenarios: exploración de ideas, escenarios futuros e novos modelos de negocio.
- Outras ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión.
- O contexto do modelo de negocio. Previsión: tendencias clave. Macroeconomía: variables macroeconómicas. Competencia: forzas competitivas.
- A validación do modelo de negocio. Lean Startup. Desenvolvemento de clientes. Desenvolvemento de produto áxil.
- A protección da idea, do produto e da marca.

UD	Título da UD	Duración
12	O Plano de negocio	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Comprender o concepto de modelo de negocio como unha forma de lles dar resposta ás necesidades actuais, comparando distintos modelos, desde os máis tradicionais aos máis innovadores.	Comparar distintos modelos, desde os máis tradicionais aos máis innovadores.	PE	30
CA2.4 - Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.	Definir o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.		
CA3.3 - Xestionar eficazmente a información e facilitar o proceso de toma de decisións a partir da información obtida, tanto no ámbito interno como externo da empresa, aplicando estratexias e novas fórmulas comunicativas.	Aplicar estratexias e novas fórmulas comunicativas.		
CA3.5 - Coñecer as ferramentas necesarias que permitan expoñer o proxecto de modelo de negocio, despertando o interese e cativando os demais coa proposta de valor presentada.	Coñecer as ferramentas necesarias que permitan expoñer o proxecto de modelo de negocio.		
CA4.2 - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	Determinar a estrutura de ingresos e custos a partir do modelo de negocio proposto.	TI	70
CA4.3 - Elaborar un plan de negocio básico sobre un escenario simulado concreto, xustificando as decisións tomadas.	Elaborar un plan de negocio básico xustificando as decisións tomadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Empresa e modelo de negocio.
- O lenzo de modelo de negocio e de xestión: concepto, áreas, bloques, utilidade e padróns de modelos de negocio.
- As ferramentas de organización de ideas: Pensamento visual ou Visual Thinking. Capacidade de síntese. Ideación. Comunicación.

Contidos

- As ferramentas de presentación dun proxecto ou idea. Metodoloxía: narración de historias ou storytelling e o discurso no ascensor ou elevator pitch. Outras metodoloxías.
- Os escenarios: exploración de ideas, escenarios futuros e novos modelos de negocio.
- O contexto do modelo de negocio. Previsión: tendencias clave. Macroeconomía: variables macroeconómicas. Competencia: forzas competitivas.
- A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade.
- A validación do modelo de negocio. Lean Startup. Desenvolvemento de clientes. Desenvolvemento de produto áxil.
- A toma de decisións. Estratexias. Simulación en folla de cálculo. Redacción dun plan de negocios básico.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumno é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os Principios e Orientacións pedagóxicas do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. A selección de recursos didácticos e situacións de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado.

Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías.

Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.

Exporanse os obxectivos das tarefas propostas, proporcionando guías de traballo. No estudo de casos, aplicaranse procedementos que permitan verificar os pasos seguidos dende a formulación ata o resultado final. Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.

Proporanse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Resulta fundamental promocionar a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais.

Ao inicio de cada unidade didáctica exporanse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación. Diseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Diseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavaliación ou coavaliación do alumnado.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual do centro en webs dinámicas.
Servizos de videoconferencia: Eduxunta Webex, Falemos Edu.
Biblioteca.
Plans, proxectos e programas de centro.
Aula de informática.
libro de texto
actividades complementarias (concursos, salidas, charlas)

Espazo dixital de traballo que permite dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas, repositorio de contidos, documentos e enlaces a outros recursos dixitais; espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado (foros e mensaxería), e de avaliación, seguimento e recuperación (realización de tarefas, cuestionarios, probas ensaio).

Plataformas de videoconferencia que permite ao docente interactuar en tempo real co alumnado: compartindo contidos e facilitando a exposición dos mesmos, facendo cuestionarios e exercicios en tempo real e de xeito colaborativo...

Desenvolvemento de actividades de promoción da lectura no ámbito económico e empresarial.

Desenvolvemento de actividades nos plans, proxectos e programas nos que participa o centro, vinculados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais.

O acceso á aula de informática é imprescindible para o desenvolvemento dos contidos

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa.

Formularase como proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado.

Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	8	9	8	9
Proba escrita	90	90	90	90	100	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	0	10	10

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	8	8	8	9	100
Proba escrita	90	100	90	90	30	86
Táboa de indicadores	10	0	10	10	70	14

Criterios de cualificación:

Cualificación de cada avaliación parcial:

Calcularase como media ponderada das cualificacións das unidades didácticas determinadas pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos.

A avaliación realizarase en función dos seguintes instrumentos:

- 1) Probas escritas (polo menos dúas por avaliación) 90% da nota final.
- 2) Traballo diario na aula, tanto de forma individual coma en grupo.
- 3) Exposicións realizadas polos alumnos de partes do temario.
- 4) Actitude fronte a materia.

Os puntos 2, 3 e 4 terán unha ponderación do 10% da nota final.

Entenderase aprobada a avaliación se sumadas a media aritmética das notas das probas e a media aritmética dos demais elementos avaliados (ponderando ambas polas súas porcentaxes correspondentes) obtense máis dun cinco.

O alumnado ao que se lle retire un exame por copiar, terá unha cualificación de cero puntos no mesmo, sendo esa nota a que se tome en conta para o cálculo das notas da avaliación correspondente

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será, sempre que se superen os cinco puntos:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Cualificación avaliación ordinaria:

Calcularase como media ponderada das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo.

Para aprobar a materia é preciso ter as tres avaliacións aprobadas.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será, sempre que se superen os cinco puntos:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supera algunha avaliación parcial, será convocado a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.

O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final, que versará sobre os contidos específicos das avaliacións suspensas. A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media das cualificacións das avaliacións parciais superadas e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas, sen aplicar o redondeo. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación. Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa mínimo 5.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo estableza a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación mínima de 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.

- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

-Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adaptan ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - Creatividade		X						
ET.6 - ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - ET.9 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - Creatividade		X	X	X
ET.6 - ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.7 - ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.8 - ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.9 - ET.9 - A igualdade de xénero	X	X	X	X

Observacións:

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións.	Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado.	X	X	X
Participación en concursos e/ou programas de innovación educativa asociado cos contidos da materia.	INE, YBT	X	X	
Visita a notaría	Constitución ducha SA e unha SL	X		
Visita a algunha empresa da contorna.	Coñecer a actividade empresarial mais próxima		X	X

Observacións:

Ao longo do curso poderanse propor outras actividades complementarias dependendo da calidade da oferta que contén, así como do tempo e o espazo que se necesite.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.

Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.
Metodoloxía empregada
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquiredanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Estabece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ó currículo do alumnado.
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Clima de traballo na aula
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.

Outros
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.

Descrición:

Tal e como establece a normativa, "O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes." Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- a motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- e seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia e nas reunións mensuais de departamento.

Nas reunión de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderán introducirse medidas correctoras se estas se estiman oportunas. Todas as posibles propostas de mellora reflectiranse na Memoria Final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.

As ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados